



Bo día, nenos e nenas do Wenceslao!

Son **Fantasmón**, a mascota da Biblio. Creo que non hai ninguén que non me coñeza, verdade?

Estou moi contento porque recibo moitas visitas ao longo da mañá e da tarde, ata nos recreos!!

Xa sabedes que este curso imos aprender e xogar co teatro. Con motivo do Día das Bibliotecas que é o 24 deste mes, estrenamos un novo elemento: o Teatro das Sombras. Coñecédelo?

O Teatro das sombras ten a súa orixe en Asia hai dous mil anos, aínda que o uso de sombras se remonta incluso á Prehistoria.



O seu funcionamento é moi sinxelo, con só colocar as mans ou siluetas diante dunha luz, xa podemos proxectar sombras de cara a unha parede ou unha pantalla. Soamente con iso podemos representar un montón de historias fantásticas.

Na nosa biblioteca temos un pequeno teatro de sombras e siluetas para que poidades coñecer e disfrutar con el.

Por certo, comeza tamén o Adiviña que... Acordádevos de anotar as respostas nun papel e metelas no buzón da biblio. A primeira vai nun video, a ver quen recoñece os contos que aparecen ahi, xa me contaredes...

Agárdovos a todas e todos na biblioteca.

Fantasmón